

“PRESENTACIÓNS EFICACES EN PÚBLICO”

PRESENTACIÓN

A **comunicación** é hoxe en día, un **elemento esencial** para lograr o **éxito** nas organizacións. A miúdo, unha boa idea pérdese, non porque non sexa válida, senón porque non se lle fai chegar de forma axeitada ao interlocutor.

Este proceso faise difícil, e máis aínda cando en lugar dun interlocutor, falamos dun grupo de interlocutores. **Falar en público supón para moitas persoas unha barreira difícil de superar.**

Ninguén nace sabendo cales son as **técnicas** que nos axudan a **presentar en público de forma eficaz**, para acadalo é preciso coñecelas e sobre todo poñelas en práctica e entrenarnos nelas.

Esta xornada pretende mostrar aos participantes estas técnicas, así como realizar unhas primeiras sesións de entrenamento

OBXECTIVOS

- ✓ Coñecer a importancia da **preparación dun discurso ou presentación en público**
- ✓ Coñecer as **técnicas e habilidades** precisas para presentar en público de forma eficaz
- ✓ Aprender a manexar **recursos persoais, voz e comunicación non verbal**
- ✓ Aprender a manexar recursos de axuda, tales como os **medios audiovisuais** e outros elementos
- ✓ Aprender a **controlar preguntas, intervencións incómodas, derivacións do tema**, etc, así como **axustar os tempos** nas presentacións

PROGRAMA (16 horas)

Na parte **teórica (20 %)** do curso trataranse os seguintes temas:

1. - Presentación básica dunha presentación
2. - Elaboración do contido e estrutura da presentación
3. - Manexo do espacio
4. - Comunicación eficaz verbal e non verbal
5. - Preguntas e control do tempo

A parte **práctica (80%)** consistirá en presentacións breves dos participantes, que se grabarán en vídeo para o seu posterior análise e feedback persoalizado

HORARIO, DATAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN

NOVIEMBRE-2009						
L	M	Me	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Horario de mañá: **9:30 - 14:30 horas**

Horario de tarde: **16:00 - 19:00 horas**

Aula de Formación do Edificio EMPRENDIA
Campus Sur Universitario, Santiago de Compostela

DESTINATARIOS

Emprendedores, xente de empresa, membros da comunidade universitaria e público en xeral interesado nesta materia.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a seguir durante a realización do taller, será eminentemente práctica e participativa, compatibilizándose a aprendizaxe teórica (20 %) coa realización de práctica (80%).

PERFIL DO DOCENTE

CARLOS HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Consultor de Formación, Comunicación e Desenvolvemento

- Master en RRHH. Centro de Estudios Garrigues
- Licenciado en Socioloxía. Universidade Pontificia de Salamanca
- Licenciado en Periodismo. Universidade Carlos III de Madrid
- Diplomado en Traballo Social. Universidade Pontificia de Comillas

Experiencia profesional previa como formador en habilidades sociais e directivas para entidades como o **Mary Ward College**, **Hay Group** ou a **farmacéutica Pfizer**.

Coautor do libro ***Gafas Brújulas y Herramientas***, guía práctica para desenvolver as túas habilidades sociais na empresa.

Actualmente Carlos Hernández Fernández imparte cursos e conferencias sobre RRHH e habilidades sociais en todo tipo de empresas, institucións e universidades de recoñecido prestixio, de España e Latinoamérica.

PREZO (*Prezo real do seminario por alumno: 350 €*)

225 € membros da comunidade universitaria

275 € público en xeral

As empresas (e proxectos empresariais) vinculadas a **UNINOVA**, **UNIRISCO** e **EMPRESA CONCEPTO** poderán beneficiarse da realización deste curso de forma ***gratuita***. *

MATRÍCULA

PRAZO DE INSCRIPCIÓN: do 14 de outubro ao 3 de novembro de 2009

Para formalizar a matrícula deberase seguir a seguinte secuencia de pasos:

Para formalizar a matrícula deberase seguir a seguinte secuencia de pasos:

1.- Cumprimentar a "ficha de inscrición" e remitila á seguinte dirección de correo electrónico: enu@usc.es

2.- Cando se confirme a inscrición (será vía mail ou vía telefónica), **non antes**, ingresar no prazo de dous días seguintes, a cantidade a pagar no número de conta abaixo indicado.

3.- Inmediatamente formalizada o ingreso deberase **enviar** por fax ao número 881 97 01 31, unha **copia do xustificante da transferencia bancaria** realizada dirixida a ESCOLA DE NEGOCIOS UNIEMPRENDE. Tamén se admite o envío da citada copia escaneada ao seguinte correo electrónico enu@usc.es, ou a entrega en man na dirección abaixo indicada (Contacto Iria Fontela Fernández).

4.- Recibidos a ficha de inscrición e o xustificante, confirmarase mediante correo electrónico ou vía telefónica a súa matriculación no seminario.

* As empresas e/ou proxectos empresariais vinculadas a UNINOVA, UNIRISCO e EMPRESA CONCEPTO únicamente deberán ter en conta á hora de realizar a matrícula da acción formativa o punto nº 1 do seguinte apartado. (Poderá asistir á acción formativa un alumno/a por empresa)

INFORMACIÓN

Nº DE CONTA	CONCEPTO
2091 0387 40 3110000209 Caixa Galicia Pavillón Estudiantil. Campus Sur. Santiago de Compostela	CURSO UNIEMPRENDE "Presentacións eficaces en público"



900 100 981 / 981 56 31 00, ext. 15577

@ enu@usc.es

Edificio Emprendia, Campus Sur, 15782, Santiago de Compostela